



A Sociedade 'A Faísca' leva a cabo a sua solta anual

Como cada ano, a Sociedade naronesa 'A Faísca' levou a cabo esta solta que, segundo o seu presidente, Manuel Chao "é un dos puntos da autorización para as capturas". Un tanto por cento dos paxaros que se capturan, sóltanse, e son os que non acadan a calidade suficiente para o canto. Son xílgaros, pardillos, verderóns e verdecillos. Os máis numerosos nesta solta acostuman a ser os xílgaros.

A este acto, que tivo lugar no Monte do Pedroso en Narón (A Coruña), acudiron, entre outros, o Presidente da FGC, José María Gómez Cortón, o Presidente provincial da FGC na Coruña, Manuel Saa Casariego, ou o concellal de Narón, Luis Suárez. A radio e a televisión galegas tamén estiveron presentes para cubrir o acto.



Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com